

ACTA REUNIÓN DO CONSELLO ESCOLAR DO DÍA 11/12/2018

Asistentes:

DIRECTOR: Euloxio Santos Leites
XEFE ESTUDIOS: Anxo Rodríguez Rodríguez.
SECRETARIA: Mercedes Couto García.
PROFESORADO:
Ces García, Santiago
Paz Núñez, Montserrat
Seara Escudero, Santos
Garrido Vilariño, Xoán
Fernández Cortés, M^a Carmen
Rodríguez Nieto, Mónica
Magariños Rey, Chus
PAS:
Vázquez Salgado, Ángeles
PAIS/NAIS:
Calvo Domingo, Almudena
Dotras Botas, Marta
Prieto Morgadas, Araceli
ALUMNOS/AS:
Del Río Cerqueira, Noa
García Iglesias, Nicolás

En Vigo, sendo as 18:30 horas do día 11 de Decembro de 2018, reúnense na aula C5 os componentes do Consello Escolar do IES Politécnico de Vigo, coa asistencia que na marxe se indica para tratar a seguinte

ORDE DO DÍA:

1. Lectura e aprobación, se proceder, da acta anterior.
2. Toma de posesión membros electos/as do consello escolar.
3. Renovación da Comisión Económica.
4. Renovación da Comisión de Convivencia.
5. Informacións varias
6. Rogos e preguntas.

No 1º punto da orde do día, a Secretaria, Mercedes Couto dá lectura a acta do Consello Escolar do día 9 de Outubro de 2018, aprobándose por unanimidade.

No 2º punto da orde do día infórmase da nova composición do Consello escolar que resulta das eleccións celebradas o día 29 de novembro. Incorpóranse as seguintes persoas:

- Pais/Nais: Araceli Prieto Morgadas
- Alumnos/as: Noa Del Río Cerqueira, Nicolás García Iglesias.
- Profesorado: M^a Carmen Fernández Cortés, M^a Jesús Magariños Rey, Mónica Rodríguez Nieto
- PAS: M^a Ángeles Vázquez Salgado

No 3º punto da orde do día désígnanse os membros da comisión económica, que queda formada por:

- Director: Euloxio Santos Leites.
- Secretaria: Mercedes Couto García.
- Pais/Nais: Almudena Calvo Domingo
- Alumnos/as: Benjamín Goldenberg Mazino.
- Profesorado: Santiago Ces, Santos Seara.
- PAS: Ángeles Vázquez Salgado

No 4º punto da orde do día, constitúese a Comisión de Convivencia que queda formada por:

- DIRECTOR: Euloxio Santos Leites
- X. ESTUDIOS: Angel Suárez Rios
- ORIENTADORA: Irma Álvarez Dieguez
- PROFESORADO: Montserrat Paz Núñez, Xoán Manuel Garrido Vilariño
- PAIS/NAIS: Araceli Prieto Morgadas, Marta Dotras Botas
- ALUMNOS/AS: Marta Bautista Alonso
- PAS: Ángeles Vázquez Salgado

No 5º punto da orde do día o Sr. Director informa do seguinte:

No **5º punto** da orde do día, o Director informa dos seguintes temas:

- a) Apertura do centro durante as vacacións: Propóñense os seguintes días: 26, 27, 28 de decembro, e 2 e 3 de xaneiro en horario de 09:30 a 13:30 horas.
- b) Da aprobación dos plans solicitados: Plan Proxecta clases sen fumes e Donas de sí. Clube de Ciencia cunha dotación de 1200 euros, Club de lectura cunha dotación de 1.050 euros e o contrato programa na modalidade de mellora da convivencia.
- c) Participación do centro no 5º campionato galego de FP Galicia Skills 2018: Participaron tres equipos: un de instalación eléctricas, un de mecanizado e outro de Deseño asistido. Obtiveronse dúas medallas: a de prata en instalación eléctricas acadada pola alumna M^a Jesús Baña Castiñeira e de ouro en mecanizado por parte do alumno David Ucha. Este último participará, polo tanto, representando a Galicia na fase estatal. parabéns aos premiados e felicitacións para os titores/as e expertos participantes nas mesmas

En rogos e preguntas, fórmulanse os seguintes:

- a) Nicolás García queixase de que ás portas do centro hai moitas persoas fumando.
- b) A nai, Araceli Prieto, pregunta polos criterios e procedimentos seguidos para organizar as actividades complementarias e extraescolares.
- c) A nai, Almudena Calvo, pregunta polas actividades de orientación do alumnado de 2º de bacharelato

E non habendo máis asuntos que tratar, dáse por finalizado o Consello Escolar sendo ás 19:30 horas levántandose esta acta para dar constancia dos acordos adoptados.

Vigo a 11 de decembro de 2018.

Asdo. A Secretaria
Mercedes Couto García

Vº Bº O Director
Euloxio Santos Leites